

DIFERENZAS ENTRE VOZ ACTIVA E VOZ PASIVA

Voz activa

- O suxeito realiza a acción.
- Estrutura: **Suxeito + verbo + complemento directo (CD)**
- Exemplo: *Os bombeiros apagan o lume.*
Os bombeiros (suxeito) *apagan* (verbo) *o lume* (CD).

Voz pasiva

- O suxeito non fai a acción, senón que a recibe.
- Ás veces aparece quen fai a acción, chamado complemento axente, aínda que pode omitirse.
- Estrutura: **Suxeito paciente + verbo ser + participio + (por + axente)**
- Exemplo: *O lume foi apagado polos bombeiros*
O lume (suxeito paciente) *foi apagado* (verbo en pasiva) *polo gato* (axente).

Como pasar de activa a pasiva ?

1. O complemento directo da activa pasa a ser **suxeito** na pasiva.
2. O suxeito da activa pasa a ser **axente** (introducido por *por*).
3. O verbo cambia a: **ser + participio**.